



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso de especialización sobre Dereito de Patentes

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Outros

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	50
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2015
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	SUPERIOR	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 15/04/2015 - 11:00h ao 25/05/2015 - 23:59h

2. DESCRICIÓNS

DESCRIPCIÓN CURSO

O curso ofrecerá coñecementos específicos sobre a protección das invencións a través do dereito de patentes e dos modelos de utilidade. En particular, expoñerase a normativa aplicable ás patentes e a natureza propia deste tipo de dereitos.

Paralelamente, o curso permitirá coñecer cales son os instrumentos xurídicos para defender un dereito de patente e identificar as actividades que se poden prohibir no exercicio deste dereito. Así mesmo, o curso mostrará os mecanismos xurídicos existentes para determinar quen é o lexítimo titular dunha patente e, de ser o caso, en que circunstancias se pode ceder ou licenciar o seu uso a terceiros, especialmente cando o titular ou o destinatario da cesión da patente é a Administración.

DESTINATARIOS

De acordo co disposto na base 4 da convocatoria (DOG nº 70 do 15 de abril de 2015):

4.1. O 60 % das prazas (30) ten como destinatarios os empregados públicos que estean en posesión do título de doutor, licenciado, diplomado, grao, arquitecto, enxeñeiro, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico das administracións públicas de Galicia, tanto do sector público autonómico como da Administración local, e das universidades de Galicia. Este curso valorarase con 0,5 puntos a aqueles que sexan considerados aptos no momento de finalización do curso e, polo tanto, teñan dereito ao certificado de aproveitamento, sempre que cumpran os requisitos para a aplicación do establecido na Resolución do 26 de outubro de 1994, do Instituto Nacional de Administración Pública, pola que se establecen, de acordo coas comunidades autónomas, os criterios de recoñecemento e valoración dos cursos de formación e perfeccionamento de Administración local, en cumprimento do previsto na Orde do Ministerio para as Administracións Públicas do 10 de agosto de 1994; da Resolución do 30 de novembro de 1994; e conforme o establecido no Decreto 49/2009, do 26 de febreiro de 1994, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos funcionarios con habilitación de carácter estatal (DOG núm. 52, do 16 de marzo).

4.2. Poderán optar ao restante 40 % das prazas (20) os profesionais que estean en posesión do título de doutor, licenciado, diplomado, grao, arquitecto, enxeñeiro, arquitecto técnico ou enxeñeiro técnico.

PROGRAMA

Neste curso trataranse os seguintes temas:

- A protección das creacións industriais: patentes e modelos de utilidade.
- A novidade como requisito de patentabilidade.
- Política empresarial para a protección da innovación: patentes, modelos de utilidade, segredos e alcance xeográfica da protección.
- O concepto de invención: exclusións.
- Introducción aos sistemas de protección das patentes.
- O dereito á patente: a designación do inventor.
- A actividade inventiva como requisito de patentabilidade.
- Clases prácticas sobre os requisitos de patentabilidade.
- Invencións non patentables.
- Os procedementos de concesión de patentes.
- O Servizo Galego de Propiedade Industrial (Segapi).
- A protección internacional das patentes: o PCT.
- A patente europea.
- A solicitude de patentes: requisitos formais.
- A intervención do axente de propiedade industrial na tramitación de patentes.
- As invencións laborais.
- As patentes biotecnolóxicas.
- As licenzas de patentes; licenzas obrigatorias.
- O modelo de utilidade, diferenzas co deseño industrial.
- O procedemento de rexistro do modelo de utilidade.
- Os requisitos de protección do modelo de utilidade.
- O dereito exclusivo de explotación da patente.
- Límites do dereito de patentes.
- Invencións creadas pola Administración pública: protección e atribución de titularidade. Especial referencia ao financiamento procedente do sector privado (parte I).
- Nulidade e caducidade das patentes.
- Invencións creadas pola Administración pública: protección e atribución de titularidade. Especial referencia ao financiamento procedente do sector privado (parte II).
- Clase práctica sobre transferencia de tecnoloxía e financiamento do I+D do sector privado no ámbito da Administración pública.
- As accións exercitables en defensa da patente.
- A acción de indemnización por danos e perdas.
- As medidas cautelares en materia de patentes.
- As dilixencias de comprobación de feitos e as dilixencias preliminares en materia de patentes.
- A infracción das patentes como ilícito penal.
- A patente comunitaria.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Os participantes serán seleccionados por unha comisión técnica independente designada para este efecto cuxa composición será publicada no portal web da EGAP. A comisión seleccionará os candidatos con discrecionalidade técnica e independencia con respecto aos órganos directivos da EGAP.

Valoraranse os seguintes méritos:

- Experiencia profesional relacionada coa actividade.
- Cursos, xornadas... que teñan relación co curso, cunha duración igual ou superior a 8 horas.
- Coñecemento de idiomas galego e/ou comunitario, debidamente acreditados.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Os interesados deberán formalizar a súa inscrición a través da área de matrícula da web da EGAP: <https://egap.xunta.es/matricula/>.

Unha vez formalizada a súa matrícula, deberán enviar por correo electrónico, dirixido a novas.egap@xunta.es, o seu currículum vitae e unha carta de motivación na cal manifesten o seu interese persoal no curso e especifiquen os motivos que xustifican a conveniencia ou necesidade de realizalo. Esta carta deberá ter unha extensión máxima de dúas páxinas, a dobre espazo, e incluírá o nome e os apelidos do solicitante, así como o lugar elixido para facer o seguimento do curso:

– Presencial na EGAP.

– Ou por videoconferencia desde a sede da Xefatura Territorial de Vigo: Concepción Arenal, 8.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 01/06/2015 a 30/06/2015

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

CARLOS LEMA DEVESA

CARLOS FERNÁNDEZ NOVOA

MANUEL JOSE BOTANA AGRA

ANXO TATO PLAZA

Alvaro Porras Fdez-Toledano

Ana María Tobío Rivas

FERNANDO GARCIA CACHAFEIRO

Manuel José Vázquez Pena

Pablo Fernández Carballo-Calero

JOSÉ ANTONIO GÓMEZ SEGADE

FRANCISCO JOSÉ TORRES PÉREZ

JOSE MANUEL OTERO LASTRES

MANUEL AREÁN LALIN

Julio Costas Comesaña

LUIS MIGUEZ MACHO

JOSE LUIS SEOANE SPIEGELBERG

JOSE ANTONIO VARELA AGRELO

PABLO S. GONZÁLEZ-CARRERÓ FOJÓN

Raquel Sampedro Calle

GERARDO PENAS GARCÍA

JUAN ANTONIO Ureña Salcedo

JUAN PABLO GARBALLO BLANCH

ALFREDO MENDEZ REBOLLAL

J. PEDRO MATAMORON HERNANDEZ

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

SALON DE ACTOS: Os días 01, 02, 03, 08, 09, 10, 15, 16, 17, 22, 23, 29 e 30 de xuño de 16:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

O curso desenvolverase na EGAP. de forma presencial, no enderezo: rúa Madrid, 2-4, Santiago de Compostela; poderá seguirse tamén por videoconferencia desde a sede da Xefatura Territorial de Vigo: Concepción Arenal, 8.